

## MOCIÓN DE AER SOBRE O SERVIZO DE EMERXENCIAS

PLENO 30 NOVEMBRO 2011. ACTA 21/2011

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local*, establece, no Título II, Capítulo III, Artigo 25, que:

- “O Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal”.
- “O Concello exercerá, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia de Protección Civil, prevención e extinción de incendios”.

No Artigo 26 tamén se establece que “os concellos con poboación superior a 20.000 habitantes, por si ou asociados, deberán prestar, en todo caso, os servizos de protección civil, prevención e extinción de incendios”.

A *Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia*, establece:

- No *Título II, Capítulo I, Artigo 10-c)* que “Corresponde aos concellos e entidades locais e supramunicipais, no seu caso, a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial perante calquera situación de emerxencia que se detecte”.
- No *Título II, Capítulo IV, Artigo 27.1* que “Corresponde aos concellos de máis de 20.000 habitantes:
  - a) Crear o servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias.
  - b) Crear os servizos de prevención, extinción de incendios e salvamento con arranxo ao establecido na lexislación de réxime local e protección civil.”
- No *Título V, Artigo 44.3* que “Na conformación dos grupos operativos respectarase, dentro do posible, a estrutura organizativa propia dos mesmos, pero garantíndose, en todo caso, un mando operativo único profesional nas intervencións que así o requiran”.

Considerando que a situación actual do servizo municipal de protección civil e xestión de emerxencias non cobre 24 horas ao día 365 días ao ano, entendemos que nos atopamos nunha **situación de carencia importante de persoal** para atender este servizo como correspondería a un Concello do tamaño de Redondela e que a lexislación esixe.

Esta situación supón un **grave risco para a poboación nun caso de emerxencia**, e esta perigosidade entendemos que debe ser considerada de urxente atención e busca de solucións.

Sabemos que a *Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado* para o ano 2011 establece (no seu Título III, Capítulo I, Artigo 23.2) que “Durante o ano 2011 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos **agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables**”.

Pois ben, dende AER entendemos que estamos fronte a un caso excepcional, no que precisamos atender unha necesidade urxente e inaprazable.

Por todo o anteriormente exposto, e tras as conversacións mantidas cos demais grupos políticos de Redondela o pasado 8 de novembro, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello o seguinte **ACORDO**:

**Que esta Corporación contemple a situación do servizo de emerxencias e protección civil como unha situación “excepcional e de necesidade urxente”, podendo así crear os postos de traballo necesarios para ter un servizo de emerxencias 24 h os 365 días do ano, mentres non se poida consolidar un de carácter permanente.”**

#### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por 9 votos a favor (8 do PSdeG-PSOE e 1 de AER), 2 en contra (BNG) e 10 abstencións (PP) acordou aprobar nos seus propios termos a moción transcrita.